

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2014-2015-2016

**CONCELLO
DE VIGO**



OFICIAL FONTANEIRO/A (C2)

CUESTIONARIO COAS RESPOSTAS CORRECTAS

01. A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 9 que os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos a:

- a) á constitución e á lei
- b) á constitución e aos regulamentos
- c) á lei e ao ordenamento xurídico
- d) á constitución e ao resto do ordenamento xurídico**

02. A Constitución Española de 1978 propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico:

- a) o dereito á vida e á integridade física e moral
- b) a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto
- c) a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político**
- d) o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe

03. A Xunta de Goberno existirá obrigatoriamente:

- a) En todos os municipios
- b) Nos municipios de máis de 5.000 habitantes**
- c) Nos municipios de menos de 5.000 habitantes
- d) Non é obrigatoria a súa existencia

04. Están obrigados a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas:

- a) as persoas xurídicas
- b) os avogados, notarios e rexistradores no exercicio da súa profesión
- c) os funcionarios públicos nas actuacións que realicen por razón da súa condición de empregado público
- d) todas son correctas**

05. Porán fin ao procedemento administrativo:

- a) a resolución
- b) a declaración de caducidade
- c) o desistimento
- d) todas son correctas**

06. Cal destes non é un dereito individual dos empregados públicos?

- a) Dereito á libre asociación profesional
- b) Dereito á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, sempre fora do horario laboral**
- c) Á progresión da carreira profesional
- d) Á inamovibilidade na súa condición de funcionario de carreira

07. Que ferramenta se debe empregar para facer unha rosca exterior nun tubo?

- a) Galga
- b) Terraia**
- c) Abocinador
- d) Escariador

08. Sinale cal non é unha ferramenta empregada por un fontaneiro:

- a) Escofinas
- b) Alicates universales
- c) Cortatubos
- d) Todas son ferramentas de fontaneiro**

09. O desatascador:

- a) Pode ser manual e eléctrico**
- b) Só pode ser manual
- c) Non serve para desatascar tuberías
- d) Ten forma de maza

10. A escofina é unha ferramenta de uso en fontanería, estes profesionais a utilizan para:

- a) Desparafusar un tipo especial de parafusos de cabeza hexagonal
- b) Repasar chumbo, estaño e madeira**
- c) Non se trata dunha ferramenta de fontanería
- d) Cortar ferro, cobre ou bronce

11. Segundo o Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, no seu artigo 8, cal destas afirmacións é correcta?

- a) Antes da súa posta en funcionamento, se realizará un lavado e/ou desinfección das tuberías.
- b) O material de construción, revestimento, soldaduras e accesorios non transmitirán á auga substancias ou propiedades que contaminen ou empeoren a calidade da auga procedente da captación.
- c) No caso de que a condución foxe aberta o xestor da mesma non deberá proceder ao seu pechamento, sempre que a autoridade sanitaria considere que existe risco para a saúde da poboación.
- d) a y b son correctas.**

12. Segundo o Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, no seu artigo 11, os depósitos e cisternas para a auga de consumo humano debe:

- a) Todo depósito dunha instalación interior deberá situarse por riba do nivel da rede de sumidoiros.
- b) Todo depósito dunha instalación interior deberá estar tapado sempre e dotado dun desagüe que permita o baleirado total, limpeza e desinfección.
- c) a y b son correctas.**
- d) Ningunha é correcta.

13. Segundo o Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, no seu artigo 5, un auga de consumo humano será salubre e limpa cando:

- a) Non conteña ningún tipo de microorganismo, parasito ou substancia, nunha cantidade ou concentración que poida supor un risco para a saúde humana.**
- b) Non conteña ningún microorganismo, ni parasito.
- c) Non teña propiedades organolépticas.
- d) As respostas b) e c) son correctas.

14. Segundo o Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, no seu Anexo I, os valores del pH mínimo e máximo da auga para considerala apta para o consumo son:

- a) Entre 6,5 y 9,5 unidades de pH.**
- b) Entre 2,5 y 10,5 unidades de pH.
- c) Non ten límite máximo.
- d) Non ten límite mínimo.

15. Conforme ao apartado 2.1.2 da sección HS4 subministro de auga, do Documento Básico HS do Código Técnico da Edificación, se disporán sistemas antirretorno:

- a) Na parte superior das ascendentes.
- b) Sempre antes dos contadores.
- c) Antes dos contadores e na parte superior das ascendentes.
- d) Despois dos contadores e na base das ascendentes.**

16. Conforme ao apartado 2.1.3 da sección HS4 subministro de auga, do Documento Básico HS do Código Técnico da Edificación, a instalación debe subministrar aos aparatos os caudais instantáneos mínimos seguintes:

- a) 0,05 dm³/s de auga fría en lavamans**
- b) 5 dm³/s de auga fría en lavamans.
- c) 0,02 dm³/s de auga quente sanitaria en inodoros.
- d) a a) e a c) son correctas.

17. Conforme ao apartado 2.1.3 da sección HS4 subministro de auga, do Documento Básico HS do Código Técnico da Edificación, nos puntos de consumo:

- a) A presión mínima debe ser de 10 kPa (kilopascals) para billas comúns
- b) A presión mínima debe ser de 15 kPa (kilopascals) para fluxores
- c) A presión en calquera punto de consumo non debe superar os 50 kPa (kilopascals)
- d) A temperatura da auga quente sanitaria (AQS), en xeral, debe estar comprendida entre 50°C e 65°C**

18. Respecto ao contador xeral, marcar a resposta correcta:

- a) Se situará o máis afastado posible da chave de paso.
- b) Só mide consumo de auga fría.
- c) Se apoustará nun armario e, en casos excepcionais, nunha cámara.**
- d) Se situará nun lugar inaccesible.

19. Cal dos seguintes non é un requisito que de forma xeral deban cumprir todos os materiais que se vaian a empregar nas instalacións de auga potable?

- a) Serán resistentes á corrosión interior.
- b) Non presentarán incompatibilidade electroquímica entre si.
- c) Non deben modificar as características organolépticas nin a salubridade da auga subministrada.
- d) Deben ser resistentes, sen presentar danos nin deterioro, a temperaturas de máis de 40°C, sen que tampouco lles afecte a temperatura exterior do seu entorno inmediato.**

20. Que é o RITE 2021?

- a) O novo Regulamento de Instalacións Español.
- b) O novo Regulamento de Instalacións e Transporte de Enerxía.
- c) O novo Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios.**
- d) Ningún é correcto.

21. Segundo o RITE 2021, para o dimensionamento dos sistemas de calefacción se empregará unha temperatura de cálculo nas condicións interiores de:

- a) 21°C**
- b) 30°C
- c) 15°C
- d) Ningunha das anteriores.

22. Segundo o RITE 2021 os espesores mínimos de illamento (mm) de tubos y accesorios que transportan auga quente sanitaria (AQS) que discorren polo interior e o exterior dos edificios está comprendido entre:

- a) 30 e 45 mm no interior.
- b) 40 e 55 mm ou máis no exterior.
- c) Ningunha é correcta.
- d) A a) e a b) son correctas.**

23. Segundo o RITE 2021 as operacións de mantemento preventivo e a súa periodicidade en Equipos de Aire Acondicionado e en bombas de calor é:

- a) Dúas veces ao ano en aire acondicionado (AC) e en bombas de calor.
- b) De 2 a 4 anos en aire acondicionado (AC) e en bombas de calor.**
- c) Ningunha é correcta
- d) Cada 5 anos en aire acondicionado (AC) e cada 10 anos en bombas de calor.

24. Nas redes de auga quente sanitaria (AQS) os tubos de auga fría:

- a) Irán por enriba das de auga quente e separadas como mínimo 30 mm.
- b) Irán por baixo das de auga quente e separadas como mínimo 40 mm.**
- c) Irán por enriba das de auga quente e separadas como mínimo 40 mm.
- d) Irán por baixo das de auga quente e separadas como mínimo 30 mm.

25. Conforme ao apartado 3.3 da Sección HS5 Evacuación de Aguas, do Documento Básico HS Salubridade, do Código Técnico de la Edificación:

- a) Cando exista unha única rede de sumidoiros pública debe disporse un sistema mixto ou separativo cunha conexión final das augas pluviais e residuais.**
- b) Cando exista unha única rede de sumidoiros pública debe disporse un sistema único antes da súa saída á rede exterior.
- c) Cando existan dúas redes de sumidoiros públicas, unha para pluviais e outra para residuais, debe disporse un sistema único que se conectará de forma independente coas redes exteriores.
- d) Cando existan dúas redes de sumidoiros públicas, unha para pluviais e outra para residuais, debe disporse un sistema único que se conectará coas redes exteriores mediante un peche hidráulico.

26. Os elementos principais que compoñen un desagüe son:

- a) Sifóns, manguetón, grupos de presión, bote sifónico.
- b) Manguetón, tuberías, grupos de presión, bote sifónico.
- c) Contadores, manguetón, tuberías, bote sifónico.
- d) Sifóns, manguetón, bote sifónico, tuberías.**

27. Os peches hidráulicos poden ser:

- a) Sifóns individuais.
- b) Sumideros sifónicos.
- c) Botes sifónicos, que poden servir a varios aparatos.
- d) Todas son correctas.**

28. Os contadores son os elementos da instalación que miden o consumo no subministro de auga. Poden ser:

- a) Divisionarios, que miden o consumo de cada abonado e xerais, que miden o consumo de todo o edificio.**

- b) Paralelos se miden o consumo de dúas plantas do mesmo edificio e en serie se miden o consumo de cada planta.
- c) Continuo se mide o consumo no subministro de auga de maneira continuada e a intervalos se mide o consumo só durante períodos determinados de tempo.
- d) Totais se miden o consumo das dúas instalacións de auga fría e quente conxuntamente e parciais se o miden de maneira independente.

29. No mantemento e limpeza da rede de desagües:

- a) É conveniente usar ácidos na limpeza, que disolven restos e residuos e favorecen a limpeza.
- b) Para a limpeza dos desagües se levanta en primeiro lugar a tapa do bote sifónico, da maneira adecuada segundo o tipo de tapa que se atope no bote sifónico.**
- c) Non se producen normalmente avarías, dado que a auga flúe con facilidade pola rede de desagües.
- d) Dado que o PVC é o material máis usado nas redes de desagües e que o dito material é moi resistente, non se van a producir avarías.

30. Conforme o apartado 2.1.4 da Sección HS4 Subministro de auga do Documento Básico HS Salubridade do Código Técnico de la Edificación:

- a) As redes de tuberías deben aloxarse en locais accesibles para o seu mantemento e reparación.
- b) Os equipos das instalacións, tales como grupos de presión, deben aloxarse en patinillos rexistrables de dimensión adecuada.
- c) Os elementos e equipos da instalación deben aloxarse en locais cuxas dimensións sexan suficientes para que poida levarse a cabo o seu mantemento.**
- d) A a) e a b) son correctas.

Preguntas de reserva

31. A cor vermella de seguridade ten como significado:

- a) Sinal de prohibición, perigo-alarma.
- b) Obriga.
- c) Material e equipos de loita contra incendios.
- d) As respostas a) e c) son correctas.**

32. As tuberías de auga potable se deben sinalizar coas seguintes cores:

- a) **Verde escuro ou azul.**
- b) Verde claro ou azul.
- c) Negro ou amarelo.
- d) Negro ou laranxa.

33. Os fabricantes de aparatos de tratamento de auga en instalacións deben cumprir, conforme o Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, con:

- a) O Código Técnico de la Edificación cando os aparatos se fabriquen fora do territorio español.
- b) **A norma UNE 149101, se os aparatos se instalan en billas.**
- c) Calquera norma que establezan os concellos.
- d) Están exentos de toda norma por ser instalacións de interese xeral.

34. Nun baño do concello de Vigo, a cisterna do inodoro (WC) desborda e está inundando o local. Onde está a avaría?

- a) Na válvula de descarga.
- b) Na chave de entrada de auga á cisterna.
- c) O descargador está avariado.
- d) **A boia presenta algún defecto que impide parar o recheo da cisterna e o aliviadoiro está obstruído ou non ten aliviadoiro.**

35. Segundo o artigo 20 del Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, para o control na billa do consumidor, os parámetros a controlar son, entre outros:

- a) Olor.
- b) Sabor.
- c) Cor.
- d) **Todas son correctas.**

NON ABRA ESTE CUESTIONARIO ATA QUE SE LLE INDIQUE